

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE VILARDEVÓS

APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2026

Aprobación da oferta de emprego público para o ano 2026

Por Resolución da Alcaldía núm. 591, do 28 de agosto de 2026, aprobouse a oferta de emprego público correspondente ás prazas que a continuación se apunta para o ano 2026.

Personal funcionario:

- Escala de Administración xeral:

Grupo: C

Subgrupo: C1

Número de vacantes: 1

Denominación: administrativo/a

Sistema de acceso: oposición libre

- Escala de Administración xeral:

Grupo: C

Subgrupo: C2

Número de vacantes: 1

Denominación: auxiliar-administrativo/a

Sistema de acceso: oposición libre

Persoal laboral:

- Denominación chofer rozadoira

N.º prazas 1

Sistema de acceso: oposición libre

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 70 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente o recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do



13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou prodúzase a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Vilardevós, 28 de agosto de 2026. A alcaldesa.

Asdo.: Tamara Balboa García.

R. 2.104

